



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE ABRIL DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e seis de abril de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28/03/2012)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e oito de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2012.

Dáse conta da necesidade de recoñecer crédito para a factura núm. 51/11 de Grapemar, S.L por colocación de tubos na entrada do cemiterio de Ponte Ulla, por importe de 1.500,02 euros.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar o citado recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2012.



3º.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal núm. 2 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Proponse modificar o artigo 7 da mesma, engadindo un novo apartado, e máis o seu anexo, que quedarían redactados do seguinte xeito:

Art. 7.- Tipo de gravame e cota tributaria

...

3.- A cota mínima en todo caso será de cincuenta (#50,00#) euros

ANEXO

1.-Obra menor:

- 1.1. Demolición de muros: 14,89 euros/m².
- 1.2. Demolición de tabiques: 3,96 euros/m².
- 1.3. Levantado de solainas: 7,16 euros/m².
- 1.4. Picado de azulexados e revestimentos: 7,81 euros/m².
- 1.5. Demolición de forxados: 9,69 euros/m².
- 1.6. Demolición completa 9,37 euros/m².

2.-Movemento de terras:

- 2.1. Escavación de gabias: 11,16 euros/m³.
- 2.2. Escavación de baleirado: 4,97 euros/m³.
- 2.3. Recheo de gabias: 12,57 euros/m³.
- 2.4. Recheo de ceo aberto: 6,42 euros/m³.
- 2.5. Carga e transporte de terras a vertedoiro: 5,00 euros/m³.
- 2.6. Tubos de canalización: 3,64 euros/m
- 2.7.- Arqueta rexistro de fábrica: 99,23 euros/unidade

3.-Peches:

- 3.1. Peche de estacas e arame: 3,64 euros/m.
- 3.2. Peche de tea: 19,33 euros/m.
- 3.3. Peche de zócalo fábrica e tea: 44,94 euros/m.
- 3.4. Peche de fábrica de bloque h. 1 m:35,75 euros/m.
- 3.5. Peche de cachotería h. 1m: 72,40 euros/m.
- 3.6. Peche de cachotería e tea: 77,83 euros/m.
- 3.7. Peche de cachotería e reixa: 113,27 euros/m.
- 3.8. Colocación de columna para contador da luz: 193,61 euros/ud.

4.-Cuberta:

- 4.1. Demolición de cuberta de fibrocemento: 7,60 euros/m².
- 4.2. Demolición de cuberta de tella: 8,38 euros/m².
- 4.3. Demolición de cuberta de fibrocemento e tella: 13,71 euros/m².



- 4.4. Cuberta de tella: 31,11 euros/m².
- 4.5. Cuberta de lousa: 44,99 euros/m².
- 4.6. Substitución de tella por tella: 37,48 euros/m².
- 4.7. Substitución de tella por fibrocemento e tella: 53,43 euros/m².

5.-Albanelería:

- 5.1. Formigón en masa: 102,09 euros/m³.
- 5.2. Estrutura completa de formigón armado: 81,80 euros/m².
- 5.3. Estrutura completa de aceiro: 62,93 euros/m².
- 5.4. Estrutura naves de formigón armado: 42,89 euros/m².
- 5.5. Estrutura naves metálica: 42,89 euros/m²
- 5.6. Soleira: 15,20 euros/m².
- 5.7. Forxado: 48,42 euros/m².
- 5.8. Muro de contención de formigón armado: 51,90 euros/m².
- 5.9. Muro de cachotería: 103,74 euros/m².
- 5.10. Muro de bloque: 24,20 euros/m².
- 5.11. Muro de ladrillo (tabique): 18,89 euros/m².
- 5.12. Cerramento de dobre folla de ladrillo: 36,45 euros/m².
- 5.13. Celosía, balaustrada: 26,24 euros/m².
- 5.14. Azulexado: 27,35 euros/m².
- 5.15. Solainas: 28,48 euros/m².
- 5.16. Rebocado: 13,32 euros/m²
- 5.17. Rexuntado fca. de cachotería: 22,80 euros/m²

6.-Pinturas:

- 6.1. Pintura interior: 4,21 euros/m².
- 6.2. Pintura exterior: 10,78 euros/m².

7.-Carpintería:

- 7.1. Porta de entrada: 634,72 euros/m².
- 7.2. Porta interior: 189,51 euros/m².
- 7.3. Fiestra: 232,00 euros/m²
- 7.4. Fiestra en plano de tellado: 233,54 euros/m²
- 7.5. Peche de balcóns e terrazas con galería: 168,80 euros/m²
- 7.6. Reixa de seguridade en portas e fiestras: 78,21 euros/m²
- 7.7. Frontal de portal: 117,61 euros/m²

8.- Instalación de fontanería e saneamento:

- 8.1. Instalación completa en aseo (sen aparatos sanit): 387,37 euros/ud.
- 8.2. Instalación completa en baño (sen aparatos sanit): 540,45 euros/ud.
- 8.3. Instalación de cociña: 477,09 euros/ud.
- 8.4. Lavado incluso billame: 172,89 euros/ud
- 8.5. Inodoro: 186,75 euros/ud.



8.6. Bidé incluso billame: 141,36 euros/ud.

8.7. Bañeira incluso billame: 165,98 euros/ud.

9.-Instalación de electricidade:

9.1. Instalación de electricidade: 1245,00 euros/ud.

10.-Instalación de calefacción

10.1. Instalación. Mínimo ata 100m²: 3.804,15 euros/ud

11.- Pozos:

11.1 Pozo de barrena: 1.314,14 euros/ud

11.2.Pozo artesán: 1.729,13 euros/ud

12.- Depuración

12.1.- Fosa séptica e pozo filtrante: 1.650,41 euros/ud

13.- Piscinas

13.1.- Piscina completa 8*4: 18.721 euros/ud

14.- Pistas

14.1.- Pista deportiva: 13.133,05 euros/ud

14.2.- Beirarrúa: 17,99 euros/m²

15.- Guindastre

15.1.- Guindastre: 300,00 euros/ud

16.- Colocación de estadas

16.1.- Colocación de estadas: 30,00 euros/ud

Nota: no caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas aquí tipificadas, aplicaráselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste anexo, agás que o suxeito pasivo aduza razóns suficientes para desestimar a valoración realizada.

O pleno, con seis votos a favor do PP e sete abstencións do PSdeG-PSOE, BNG e TEGA, acorda aprobar a citada modificación da ordenanza fiscal núm. 2, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

4º.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal núm. 12 reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

Retírase da orde do día para un estudo máis detallado da mesma.

5º.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal núm. 20 reguladora da taxa polo abastecemento de auga.

Propónse modificar as tarifas en función do prezo da auga que se compra ao concello de Boqueixón, que actualmente é de 0,380 euros/m³, sen IVE, quedando polo tanto o artigo 5 da citada ordenanza redactado do seguinte xeito:

Artigo 5.- Base Imponíble e cota tributaria



A base imponible estará constituída por:

1. As acometidas á rede xeral : o feito da conexión á rede por cada local comercial e vivenda individual .
2. No subministro ou distribución de augas: os metros cúbicos de auga consumida no inmovible onde estea instalado o servizo.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nos seguintes tarifas para o exercicio 2012, revisable anualmente.

ABASTECIMENTO:

1.- Doméstico:

- Cota fixa mensual 3,87
euros

Consumo:

- Ata 15 m ³ ao mes, cada m ³	0,39 euros
- Máis de 15 m ³ / mes, cada m ³	0,86 euros
-Máis de 30 m ³ / mes, cada m ³	1,12 euros

2.- Industrial, comercial e obras: : cota fixa mensual 5,18 euros.

Consumo:

Por m³/ mes : 0,59 euros

Tarifa de sobreelevación; 0,00 euros

3.- Acometidas

Conservación (incluída conservación contador): cota de 0,83 euros.

Obra Civil: arqueta e lonxitude de gabiá de 1 a 5 m.

(apertura, peche e reposición de pavimento)

Diámetro	Terra	Asfalto	Baldosa-beirarrúa
3/4"	302,74	339,70	371,31
1"	321,68	365,18	387,50
1 1/2"	354	394,27	432,29
2"	390,14	428,52	468,43

Todos os prezos veranse gravados co IVE correspondente.

Acometidas de máis de 5 m. farase un presuposto para cada caso.

Altas de contrato:



As taxas de alta a aboar no momento da sinatura do contrato establécense nas seguintes cantidades dependendo do tipo de abonado:

- Naves industriais situadas en polígonos industriais....1.000,00 euros/ud.
- Promotores de dúas ou máis vivendas unifamiliares...500,00 euros/vivenda
- Promocións de vivendas colectivas....500,00 euros/ud.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE expón que dado que a fórmula polinómica á que fai mención o Concello de Boqueixón é moi complexa para saber cal vai a ser o prezo da auga no futuro, sería conveniente estudar establecer algún tipo de convenio que protexa ou bloquee o prezo, e evitar no posible actualizacións que poidan existir nos vindeiros anos. Di que entende que o prezo da auga en ningún caso lle supón a Boqueixón un ingreso, xa que é o custo da mesma.

Por último anuncia a abstención do seu grupo na votación.

A Presidencia di que son dous os concellos que lle compran a auga a Boqueixón: Vedra e Santiago de Compostela, e que polo tanto intentaran falar con este para buscar esa estabilidade e control sobre do prezo.

O Sr. Pose do BNG pregunta a que é debido esa subida, e cales son as variables que se inclúen nesa fórmula polinómica.

A Presidencia contesta que existe unha comunicación oficial do Concello de Boqueixón sobre dos custos reais da auga: persoal, medios materiais, conservación, mantemento, enerxía, ...etcétera, que xustifican ese incremento e así o aportan con datos oficiais, e que é debido basicamente ao incremento considerable de enerxía e que os m³ subministrados a Vedra son menos dos que en principio se establecían, e que en calquera caso na citada comunicación figuran todos os datos para que se poidan comprobar e verificar, e que para eles o custo da auga incrementouse bastante de 2008-2011, de feito tamén modificaron a ordenanza fiscal reguladora da taxa, incrementando o prezo tamén para os seus veciños.

Tamén sinala que como expuxo a voceira do PSdeG-PSOE intentarase, xunto co Concello de Santiago, facer algún convenio para evitar incrementos no futuro.

Posta a votación a modificación proposta, o Pleno con seis votos a favor do PP, e sete abstencións do PSdeG-PSOE, BNG e TEGA, acorda aprobar a mesma.

6º.- Acordo, se procede, sobre compromiso de cesión de parcela á AA.VV Santa Cruz de Ribadulla.

Solicítase a declaración de urxencia deste punto, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

De seguido dáse conta da seguinte proposta:

A Sociedade Anónima Xestora Bantegal, propietaria da parcela núm. 1069 da zona de concentración parcelaria de Ribadulla -Vedra, autorizoulle a AA.VV de Santa Cruz de Ribadulla a ocupación da mesma en tanto non remate a tramitación do procedemento que



desemboque na cesión da propiedade a favor do concello para funcións recreativas e de espaxemento.

A AA.VV de Santa Cruz de Ribadulla ten solicitado unha subvención para levar a cabo na citada parcela as actuacións comprendidas no proxecto *Acondicionamento de espazo natural para área recreativa, paseo e instalación de parque biosaudable*.

Propónse a adopción do seguinte acordo:

Que no momento que a Sociedade Anónima Xestora Bantegal lle conceda a titularidade do terreo ao concello este cederalle o seu uso e aproveitamento recreativo á Asociación de Veciños de Santa Cruz de Ribadulla como mínimo durante cinco anos.

O pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Ás preguntas do PSdeG-PSOE a Presidencia contesta:

1.- Sobre do balastro almacenado na nave de Trobe, di que Adif chamou no seu momento ofrecendo ese material, e con toda a boa fe do mundo, sobre todo se chaman dun organismo oficial, e os responsables consideraron que podía ser útil para as obras municipais e que se aforrarían custos ao concello.

A partir da denuncia calquera actuación que se quixese facer quedou paralizada, falouse co Seprona, quen nos remitiu a Calidade Ambiental, estando á espera de que nos indiquen que facer co material almacenado e nese momento adoptaranse as medidas oportunas.

Cónstalle que estes organismos se puxeron en contacto con Adif e coa empresa Copasa, adxudicataria das obras de Adif, e que tanto Seprona como Calidade Ambiental van intentar repercutir as responsabilidades destes feitos tanto a Adif como á empresa adxudicataria, e que en calquera caso se as actuacións a realizar por parte do concello supoñen algún gasto tamén se lle vai repercutir.

Di tamén que se está á espera de que o Xefe Territorial de Medio Ambiente de A Coruña nos comunique que destino lle temos que dar a ese material e que medidas hai que adoptar.

Por último aproveita para solicitarlle a todos os membros da corporación que cando detecten calquera actuación que afecte ao medio ambiente, o fagan saber ao concello para adoptar as medidas correspondentes.

2.- En canto á celebración da Festa da Xuventude, di que de momento non está programada.

3.- Sobre do expediente de reposición da legalidade incoado a don José Manuel González de la Torre no lugar de Matelo, di que o expediente está aberto e que se lle requiriu para a súa demolición.



Por último en canto ao arranxo do firme de pistas solicitado por distintos grupos municipais, di que se comezará proximamente tan pronto o permita o tempo e deixe de chover.

8º.- Rogos e preguntas

--Dona Lucía González do PSdeG-PSOE formula os seguintes rogos e preguntas:

Primeiro.- Rogamos que fagan unha revisión exhaustiva das parroquias para eliminar os distintos puntos de vertedura incontrolados que van proliferando polo concello adiante e que se impliquen ao máximo na súa pronta limpeza e na súa erradicación definitiva.

Segunda.- Está rematado o seu plan de apagado de puntos de iluminación pública? Aplicouse en todas as parroquias?. Cantos puntos se apagaron en cada parroquia?

A Presidencia contéstalle que faltan tres parroquias: San Andrés de Trobe, Santa Cruz de Ribadulla e San Andrés de Illobre, que se apagaran nesta semana, e que tan pronto se faga en todas as parroquias se lle informará ao respecto.

-- Don José A. Pose do BNG pregunta:

1º.- Como están os trámites do Consorcio?

2º.- Tal e como están as cousas co financiamento da Xunta de Galicia, paráronse a pensar que vai acontecer o día en que a Xunta de Galicia deixe de financiar o 50% do proceso de incineración de Sogama?. Fixeron números do que vai supor para o noso concello, xa que despois de que aconteza ao mellor xa non temos praza noutro sitio.

Di que agora mesmo si é a opción máis rendible para o concello, pero que entende que non pasara moito ata que a Xunta deixe de financiarlo, ademais de que teñen un proceso aberto na UE, ex-directivos cun proceso penal, ao descubrirse que estaban falsificando informes, e ante isto a Xunta non pode ter máis xustificacións para seguir financiando o proceso de incineración, entendendo ademais que dende Europa non llo van permitir.

Roga que se calcule o que lle vai custar ao concello seguir con Sogama despois de que pase isto, porque ao mellor é o momento de ir cambiando.

Sinala tamén que sobre do lixo, cargou no voceiro dixital tres documentos. Documentos que utilizaron para o seu programa, o cal tamén segue na web: un exemplar de boas prácticas de compostaxe e recollida selectiva de residuos feito pola UE, no que figuran concellos de 1.000 habitantes de toda Europa, con solucións de compostaxe; un manual de recollida selectiva elaborado pola Asociación de Municipios Cataláns para a recollida de residuos porta a porta; e dous manuais de compostaxe municipal que utilizan países emerxentes, como Perú e Ecuador.

--Don José Alvela de TEGA intervén para facer unha aclaración para defensa propia, que efectivamente no plan de taxas el si tivo que ver na aprobación das taxas da ludoteca, pero en calquera outra, e incluso no plan de axuste 2012-2022 , o seu voto non foi decisivo, e que se o primeiro grupo de oposición se abstén o seu voto é irrelevante.

Di que é un membro da oposición máis, outra cousa é que sempre se presta a escoitar.



--Don Odón C. Cobas do PSdeG-PSOE solicítalle ao Sr. Alcalde que se contraten os traballos do concellos con empresas serias para evitar males, como pasou cos calendarios e axendas municipais.

9º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP núm. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece unha quenda de rogos e preguntas co público asistente á sesión.

Intervén don Inocencio Álvarez en calidade de Presidente da AA.VV de Santa Cruz de Ribadulla e formula os seguintes rogos:

- 1.- Que o concello lle solicite á Deputación Provincial o envío dos recibos coa suficiente antelación para que se poidan pagar sen recargas.
- 2.- Que se lle requira á Xunta de Galicia para que proceda á limpeza das masas comúns que existen na parroquia.
- 3.- Que se lle requira a Adif para que limpe a maleza que existe na estación de Santa Cruz.
- 4.- Que se coloque una papeleira na entrada do Pazo de Ortigueira.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.